



—COMPROMETIDOS CO
TEU FUTURO E O DE GALICIA—



Xacobeo 2021



XUNTA
DE GALICIA

Entrevistas



Francisco López Valladares
PRESIDENTE
DO CONSELLO
REGULADOR DA
AGRICULTURA
ECOLÓXICA
DE GALICIA

**"Consumir ecolóxico
significa compromiso"**

[Ler máis...](#)



J. Ramón Martínez Barbeito
PRIMEIRO
TENENTE ALCALDE
E CONCELLEIRO
DELEGADO DE MEDIO
AMBIENTE
DA LARACHA

**"O quinto contedor será
un éxito"**

[Ler máis...](#)

Editorial



Javier Domínguez
PRESIDENTE DE SOGAMA

**"2019, un ano decisivo
para Sogama"**

[Ler máis...](#)

Mundo SOGAMA

Minicontedores rosa para apoiar a loita contra o cancro de mama

A empresa pública sacou esta edición limitada de minicontedores rosa baixo o lema "Sempre contigo" a fin de contribuír a dar visibilidade a unha enfermidade que afecta a moitas mulleres, pero que se pode vencer. O reparto realizouse no transcurso de distintas accións en centros educativos e colectivos sociais.



[Ler máis...](#)

Actualidade

Sogama foi certificada por Ardán como empresa innovadora e xeradora de riqueza 2019

Licitada a xestión integral do vertedeiro de Areosa por case 41 millóns de euros


A Laracha e Carballo, municipios pioneiros na implantación do contedor marrón

[Ler máis...](#)

Multimedia

Actividades de outono do Caderno Verde

Vídeo "Somos semente" do CRAEGA



Campaña Pilabot para a recollida de pilas

Proxecto "Mellor reparar que tirar"

[Ver máis...](#)

Eventos

Workshop Res2ValHum en Santiago

Presuposto da UE Medio Ambiente para 2020

[Máis eventos...](#)

Curiosidades

Fibra de plátano como alternativa ao plástico



Vencer o cambio climático desde a cociña

[Máis curiosidades...](#)

Receitario



Que comes hoxe?

1. Croquetas de xamón e pavo
2. Spaghetti carbonara con solombo de porco
3. Marmelada de froitas

[Ver receita...](#)

Síguenos en...



www.sogama.gal

Editorial



“2019, un ano decisivo para Sogama”

A piques de concluír o ano 2019, e a pesar dos bos e malos momentos inherentes á actividade propia de calquera empresa, o balance que facemos é claramente satisfactorio, xa que culminamos un proxecto decisivo para o presente e futuro desta sociedade pública. Logramos, nun tempo récord, incrementar a capacidade do Complexo Ambiental de Cerceda ata chegar a 1 millón de toneladas anuais, practicamente o total dos residuos urbanos producidos en Galicia, coa particularidade de que a nova planta de recuperación de materiais, xunto coa renovación da antiga, nos permitirá contribuír en maior medida á reciclaxe e chegar en 2020 á vertedura técnica cero, a nosa maior aspiración.

Comezaremos o próximo ano sendo a infraestrutura das súas características máis moderna e eficiente de Europa, e modelo a seguir para o resto do mundo. Proba diso son as distintas delegacións estranxeiras que nos visitan periodicamente para que lles expliquemos cal é o noso sistema de tratamento e a operativa que levamos a cabo para xestionar un complexo industrial de referencia, unha rede de 37 plantas de transferencia situadas en distintos puntos de Galicia, un vertedoiro de residuos non perigosos exemplar e unha loxística de transporte na que o tren foi gañando terreo ao camiión, conseguindo xa desprazar a través do primeiro o 55% dos residuos recibidos. E todo iso reforzado con continuas campañas sociais de formación,

concienciación e sensibilización ambiental para que os cidadáns, o noso tesouro máis prezado, nos axuden nesa ardua tarefa de xestionar os residuos de forma sostible a fin de minimizar o seu impacto sobre o medio ambiente e a saúde, á vez que loitamos xuntos contra o cambio climático

A pesar dos cuantiosos investimentos económicos realizadas neste plan estratéxico, Sogama aplicou, a principios deste ano, e aos concellos que así o solicitaron, unha rebaixa do 10% sobre o canon que rexe para estes a fin de aliviar as arcas locais e o peto dos seus veciños. Esta bonificación manterase no próximo exercicio e abrirase igualmente a aqueles concellos que, por diversas circunstancias, non se acolleron á mesma en prazo.

Todo isto non sería posible sen o incansable labor dos traballadores ao servizo de Sogama, sen o apoio dos accionistas (Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e Naturgy) e, por suposto, sen a colaboración dos 295 concellos aos que damos servizo e onde residen máis de 2.242.000 habitantes.

Comezamos unha nova década clave para o futuro da nosa comunidade e dos nosos fillos. Sogama xa ten en axenda novos proxectos cos que optimizará os logros alcanzados ata o momento. Seguimos no camiño da sustentabilidade.

Bo Nadal, queridos lectores! ●

Presidente de Sogama

Javier Domínguez Lino

Editorial en castelán

Entrevistamos a...



Francisco López Valladares

Presidente do CRAEGA (Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia)

"A agricultura ecolóxica é o único camiño para implantar un modelo de vida sostible"

Despois de 22 anos de actividade, máis de mil inscritos e unhas 33.000 hectáreas dedicadas ao cultivo ecolóxico, a traxectoria do CRAEGA debuxa unha liña ascendente que, nin sequera na crise, anotou altibaixos. No caso de Galicia, é o único órgano de control competente para supervisar o proceso de produción da agricultura ecolóxica. Un modelo que está vivindo un momento de auxe, explícanos o seu presidente, Francisco López Valladares. Desde comezos do outono, son tamén unha das entidades adscritas ao programa de autocompostaxe de Sogama.

A agricultura ecolóxica parece que vai cobrando peso e cada vez son máis os cidadáns que apostan por adquirir artigos naturais e producidos dunha forma sostible. Que visión ten o CRAEGA ao respecto?

Despois de algo máis de dúas décadas de andadura, para nós é unha satisfacción comprobar que a sociedade no seu conxunto aposta por un cambio de ciclo. Consumir ecolóxico significa compromiso. Compromiso co medio ambiente, co benestar animal, co desenvolvemento do noso rural e, por suposto, coa saúde. O CRAEGA fundouse en 1997 con 11 operadores e 13,35 ha de superficie certificada. Hoxe temos máis de mil inscritos e máis de 33.000 ha dedicadas ao cultivo ecolóxico. E iso como se explica? Hai unha corrente a nivel global que nos leva de volta ás orixes. O estilo de vida frenético do último tramo do século XX empurrou ás novas xeracións a impoñer hábitos máis respectuosos

tanto coa contorna como consigo mesmas. Non hai planeta B e toca actuar con responsabilidade. Neste escenario, a agricultura ecolóxica é o único camiño para implantar un modelo de vida sostible.

Percíbese unha tendencia a abusar do termo ecolóxico, tildando como tal a produtos que realmente non reúnen os requisitos para ser cualificados como tales. Que é realmente a produción ecolóxica e que vantaxes ten?

Hai que ter moito ollo coa mancha de conceptos erróneos que podemos atopar no mercado. Precisamente o auxe do sector ecolóxico incentiva a picaresca. Cómpre fixarse moi ben no etiquetado e comprobar que os alimentos levan o selo dunha certificadora autorizada. No caso de Galicia, o único órgano de control competente para supervisar o proceso de produción da agricultura ecolóxica é o CRAEGA, entidade pública fundada

"O ecolóxico é un sector especialmente sensible co coidado do medio ambiente e, por extensión, coa compostaxe. Había tempo que viñamos observando moito interese por dominar a reciclaxe da materia orgánica para despois aproveitala como abono natural"

baixo o paraguas da Consellería de Medio Rural en 1997. E que significa o selo? Pois é a única garantía de que un produto superou os controis pertinentes do equipo de auditores do Consello e que, polo tanto, cumpre coa normativa

Entrevistamos a...

Europea. Por iso, recomendo fuxir de apelativos como "caseiro", "da horta" ou "natural". O único que nos protexe como consumidores é a certificación.

Fai xa máis de dúas décadas que se creou o Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica en Galicia. Cal foi a evolución deste organismo ao longo do tempo?

Ao abrigo desta tendencia ecolóxica global, o CRAEGA rexistra un crecemento exponencial. Vén debuxando unha liña ascendente desde que botou a andar en 1997. Nin sequera na crise anotou altibaixos. 2018 volveu a ser un exercicio de récord. Medraron todas as variables: superficie certificada (33,736 ha), operadores (1.152) e volume de vendas (78,7 millóns de euros). Galicia é líder en España en produción de leite ecolóxico e carne de polo. Cunha facturación superior aos 26 millóns de euros e un crecemento de case 41 puntos, o lácteo é o produto estrela. Da nosa comunidade sae máis da metade do total do conxunto do Estado. Tamén somos potencia en polo ecolóxico: de aquí proceden máis de mil toneladas das 1.289 que se comercializaron no país en 2018.

Como pode acadar un agricultor o certificado expedido polo CRAEGA e cantas explotacións contan actualmente co mesmo?

O proceso é moi sinxelo. O primeiro paso é solicitar ao CRAEGA a inscrición nos rexistros. Unha vez completados os trámites e aprobada a petición, iníciase o proceso de certificación e o Consello remite ao aspirante un Plan de Auditoría. Conforme a este documento, o equipo técnico realiza unha visita para avaliar o modelo de produción e o sistema empregado polo operador. Este paso é fundamental para asegurar o cumprimento dos requisitos. Nos casos nos que sexa necesario, tamén se toman mostras. Da auditoría queda constancia mediante un acta. A continuación, elévase o informe ao comité de certificación, órgano independente do CRAEGA. Segundo a memoria de 2018, hai 1.152 inscritos en total: 434 produtores de vexetal; 378 de animal; 53 de acuicultura; e 287 industrias.

Como está posicionada Galicia na agricultura ecolóxica e que futuro agarda a esta forma de producir?

Segundo o último informe sobre o sector que acaba de publicar o Ministerio de Agricultura, Galicia



estaría na metade da táboa a nivel nacional, tanto en suma de operadores como en superficie certificada. Certo é que nos situamos á cabeza en determinados sectores como o lácteo ou a carne avícola. Tamén destacamos en manteiga ecolóxica, pois a maior porcentaxe da que se produce en España está feita na nosa comunidade. Algo semellante sucede coa nata. De aquí sae a metade do total nacional. A tendencia é que isto vai seguir medrando grazas ao tirón do Consello e tamén a outra cuestión que ten que ver coa propia configuración do territorio. No CRAEGA vemos cada día que moita xente nova se está a dar conta de que lle pode sacar proveito ás leiras que herdou dos seus avós. O ecolóxico está chamado a converterse na táboa de salvación do rural galego.

Fai un par de meses aproximadamente o CRAEGA, a

través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, adhiúse ao programa de autocompostaxe de Sogama, tendo entregado composteiros a un cento de explotacións. Como se recibiu esta iniciativa por parte do sector?

O ecolóxico é un sector especialmente sensible co coidado do medio ambiente e, por extensión, coa compostaxe. Había tempo que viñamos observando moito interese por dominar a reciclaxe da materia orgánica para despois aproveitala como abono natural. Isto é algo que se vén practicando desde sempre en Galicia, pero poida que as novas xeracións que agora traballan no campo estiveran máis desorientadas neste sentido. A produción vexetal representa case un tercio da actividade do Consello e, por suposto, recibiu a iniciativa cos brazos abertos. ●

PERFIL PROFESIONAL

Francisco López Valladares naceu no concello lucense de Castro de Rei, pero hai máis de 25 anos que vive en Crecente (A Pastoriza). A súa explotación de leite deu o salto á produción ecolóxica en 1999, pouco despois de que o CRAEGA botara a andar. Vogal por produción animal desde 2008, ocupa a presidencia do Consello desde 2017.



Entrevistamos a...



J. Ramón Martínez Barbeito

Primeiro tenente alcalde e
concelleiro delegado de Medio
Ambiente da Laracha

"Temos por diante o reto de ser pioneiros en Galicia na implantación do contedor marrón"

Os concellos da Laracha e de Carballo serán os primeiros en empezar a depositar a fracción orgánica dos seus residuos urbanos na planta de compostaxe do complexo de Cerceda. Un paso previo é a implantación do quinto contedor, o marrón, para facilitar a recollida destes biorresiduos e camiñar cara á xestión integral do lixo. O concelleiro de Medio Ambiente da Laracha, José Ramón Martínez Barbeito, cóntanos que pasos están a dar para que o programa Ti tes a chave sexa todo un éxito.

Nos últimos anos, o concello coruñés de Laracha distinguiuse polo seu compromiso co medio ambiente. Que accións destacaría e cales foron as que calaron con máis forza entre a veciñanza?

O proxecto máis importante en materia medioambiental que se executou na Laracha nos últimos anos foi a ampliación da depuradora do Formigueiro. A Xunta de Galicia investiu máis de dous millóns de euros nesa obra que permitirá asumir o crecemento de poboación que se está a rexistrar na Laracha e eliminar antigas depuradoras pequenas que presentaban unha menor eficiencia.

Tamén actuamos na mellora da recollida selectiva coa ampliación da cobertura do contedor amarelo nos principais núcleos rurais. Agora temos por diante o reto de ser pioneiros en Galicia na implantación do contedor marrón e non me cabe dúbida de que a nosa veciñanza estará á altura e será o colaborador imprescindible para que a iniciativa sexa un éxito.

Resulta evidente que a xestión sostible dos residuos constitúe unha prioridade para este ente local. Cal é o balance que fan ao respecto e con que limitacións se atopan?

Está claro que os datos sempre son mellorables, pero o balance que facemos sobre a xestión dos residuos e a recollida selectiva de todos os contedores é moi bo. Iso é posible porque a nosa poboación está concienciada coa importancia de separar para reciclar. A principal limitación coa que nos atopamos é a dispersión da poboación. No municipio hai máis de trescentos núcleos habitados nunha superficie de 125 quilómetros cadrados. Fixemos un esforzo por ampliar a cobertura do contedor amarelo, pero chegar á totalidade dos núcleos é complicado.

A valorización da materia orgánica está xa na axenda do Concello. Proba disto é que, xa no seu momento, puxeron en marcha un programa de compostaxe doméstica, do que están

"Teño que salientar o interese da poboación en formar parte do programa "Ti tes a chave". Sogama cedeunos 75 composteiros e, tras anunciálos, foron adxudicados todos en poucos días e mesmo temos lista de agarda para futuras campañas"

a facer o correspondente seguimento. Que salientaría do mesmo?

O primeiro que teño que salientar é o interese da poboación en formar parte da iniciativa. Sogama cedeunos 75 composteiros e, tras anunciálos, foron adxudicados todos en poucos días e mesmo temos lista

Entrevistamos a...

de agarda para futuras campañas. A resposta mesmo desbordou as nosas expectativas iniciais e iso é un claro exemplo de que a xente está implicada e quere colaborar. Esa campaña que desenvolvemos veu motivada especialmente porque detectamos que se estaban a depositar nos contedores restos de poda ou de corta de céspede, e iso está fóra de toda lóxica. Agora, coa cesión dos composteiros e a campaña informativa que levamos a cabo, agardamos que esas situacións non se volvan producir.

A Laracha e Carballo serán os primeiros concellos en implantar o quinto contedor para a recollida selectiva da fracción orgánica contida no lixo. Cales van ser os pasos a seguir?

Xa temos dispoñibles tanto os contedores que estarán nas rúas como o material que se entregará a todas as familias voluntarias. Ao longo do mes de decembro iremos colocando os cubos nos núcleos urbanos da Laracha, Paiosaco e Caión, e tamén na urbanización Monte Claro de Cabovilaño, e a primeiros de xaneiro, despois do Nadal, comezaremos coa recollida.

Como se vai desenvolver a campaña de concienciación social previa na valorización da materia orgánica?

O primeiro que fixemos foi unha campaña informativa nos medios de comunicación sobre o programa *Ti tes a chave*. A continuación houbo presentacións nas tres vilas nas que se vai implantar o contedor marrón e visitas a todos os grandes produtores para pedir a súa colaboración e coñecer cales son as súas necesidades. Agora temos na web do Concello dispoñible un formulario que as



familias voluntarias deben cubrir para sumarse ao programa. E tamén hai catro puntos de entrega do kit de voluntariado marrón, consistente nun cubo ventilado de dez litros, bolsas compostables, a chave para os contedores da rúa e un folleto informativo sobre que tipo de material debe introducirse neles.

Algunha outra iniciativa no eido medioambiental a medio ou longo prazo?

Seguiremos aumentando a cobertura dos diferentes colectores de recollida selectiva para chegar a máis núcleos de poboación. Outra das actuacións que temos proxectada é a ampliación do punto limpo que permitirá mellorar as

instalacións e reforzar servizos como a recollida de voluminosos a domicilio.

Outra iniciativa municipal que suporá beneficios para o medio ambiente é o cambio completo das luminarias do alumado público e de edificios e instalacións municipais por outras de maior eficiencia enerxética. O investimento será de 1,2 millóns de euros co apoio do IDAE (Instituto para la Diversificación y Ahorro de la Energía).

E como actuacións de posta en valor de espazos de riqueza medioambiental temos varias, sendo as máis inmediatas na área verde do parque empresarial e tamén a renovación do paseo fluvial do río Anllóns, que fará o obradoiro de emprego que acaba de comezar. ●

"O balance que facemos sobre a xestión dos residuos e a recollida selectiva na Laracha de todos os contedores é moi bo. Iso é posible porque a nosa poboación está concienciada coa importancia de separar para reciclar"

PERFIL PROFESIONAL

José Ramón Martínez Barbeito, Nado en Lendo (A Laracha), é primeiro tenente alcalde da Laracha desde 1999 e concelleiro delegado da área de Medio Ambiente desde 2007. Antes de traballar no Concello estivo empregado como administrativo nunha oficina técnica de proxectos agrícolas durante quince anos.



Mundo SOGAMA

Minicontedores rosa para apoiar a loita contra o cancro de mama

A empresa pública repartiu unha edición limitada que sacou á luz baixo o lema "Sempre contigo"



Javier Domínguez Lino, presidente de Sogama (dereita) e Isidro García Téllez, director xeral de Sogama (esquerda).

Co fin de contribuír a dar visibilidade a unha enfermidade que cada día sorprende e angustia a moitas persoas, Sogama uniuse á conmemoración do Día Mundial contra o Cancro de Mama (19 de outubro) sacando unha edición limitada de minicontedores de cor rosa co lema "Sempre contigo". O cancro de mama é o tumor máis frecuente nas mulleres occidentais.

En calidade de empresa pública comprometida co medio ambiente, a saúde e o benestar da cidadanía, con este xesto quere alentar e animar ás mulleres que padecen esta doenza a continuar na loita; unha batalla que se pode gañar, e de feito se gaña, desde

a valentía, o optimismo, a ilusión e a esperanza, sendo o diagnóstico precoz unha das principais armas para combatela.

Sempre presentes

Os minicontedores rosa entregáronse no transcurso das distintas accións educativas que Sogama levou a cabo en centros educativos e colectivos sociais para que nenos e maiores garden neles os seus pequenos obxectos favoritos ou ben eses bolígrafos e lapis cos que cada día escriben e dan forma ás súas ilusións, sen esquecer que vivir significa tamén loitar contra a enfermidade e que esa loita sempre

Os minicontedores rosa entregáronse no transcurso das distintas accións educativas que Sogama levou a cabo en centros educativos e colectivos sociais

é máis levadeira coa comprensión e o apoio do conxunto da sociedade. ●

Actualidade

Sogama sitúase entre as compañías galegas máis competitivas

Foi certificada por Ardán como empresa innovadora e xeneradora de riqueza 2019



O Consorcio da Zona Franca de Vigo, a través do servizo de información Ardán, distinguiu a Sogama como empresa innovadora e xeradora de riqueza 2019 pola súa contribución á innovación tecnolóxica e ao emprego, destacando no desempeño de distintos factores vinculados á competitividade empresarial.

A medición dos indicadores que lle valeron esta distinción realizouse a través de metodoloxías deseñadas e actualizadas en colaboración con grupos de investigación da Universidade de Vigo.

A Sociedade Galega do Medio Ambiente posiciónase entre o selecto 6% de empresas galegas que cumpre os criterios para obter estes distintivos, situándose, tal e como sinala o Consorcio da Zona Franca de Vigo, como "referente de gran valor na economía galega pola súa capacidade e dinamismo na atracción de talento e investimento, así como na creación de riqueza e emprego".

Neste sentido, cabe destacar o gran proxecto de ampliación do Complexo Medioambiental de

Cerceda, materializado coa posta en marcha dunha nova planta enmarcada na industria 4.0 que permitirá á compañía reforzar a súa achega á reciclaxe e acadar en 2020 o vertido técnico cero.

Un millar de empregos

Así mesmo, cabe destacar que, entre directos e indirectos, Sogama dá emprego a 1.000 personas, cifra á que habería que engadir os asociados ás paradas técnicas para labores de limpeza, mantemento e outras cuestións técnicas. ●

A Deputación de Ourense estende a compostaxe doméstica a novas vivendas de 91 concellos da provincia

Sogama e o ente provincial selaron un novo acordo de colaboración durante un ano



A finais de outubro, Sogama e a Deputación de Ourense selaron un novo acordo para fomentar e estender a compostaxe doméstica a novas vivendas da provincia. O documento foi rubricado por parte do presidente da Sociedade Pública, Javier Domínguez, e o presidente da Deputación de Ourense, José Manuel Baltaro. No marco do mesmo, estase levando a cabo a II Campaña Provincial de

Compostaxe Doméstica 2019-2020, dirixida a 91 concellos da provincia; aqueles con poboación inferior aos 20.000 habitantes. O convenio, que estará vixente durante un ano, conta cunha dotación orzamentaria de 60.000 euros, a sufragar por Sogama e a Deputación a partes iguais.

Nunha primeira fase realizaranse tarefas de divulgación, captación e selección de participantes, pasando

logo á fase de formación e culminando coa de seguimento porta a porta.

Boa acollida

Tras o éxito da I Campaña Provincial de Compostaxe 2017-2018, que contemplou a distribución de 1.125 composteiros en vivendas unifamiliares de distintos concellos, púxose en marcha esta segunda iniciativa que tamén está tendo moi boa acollida entre os ourensáns. ●

Actualidade

Licitada por case 41 millóns de euros a xestión integral do vertedoiro de Sogama en Areosa

O prazo de execución do contrato é de 4 anos, cunha prórroga excepcional de 9 meses



O Consello da Xunta acordou o pasado 15 de novembro autorizar a licitación, por parte de Sogama e cun importe próximo aos 41 millóns de euros, a xestión integral do vertedoiro de residuos non perigosos de Areosa (Cerceda - A Coruña), cuxa actividade complementa a desenvolvida no Complexo Medioambiental.

A licitación comprende a propia xestión dos residuos recepcionados neste recinto, así como a das instalacións que acolle, isto é, depuradoras de ósmose

inversa, planta de biogás e planta de compostaxe industrial.

Así mesmo, contempla o mantemento postclausura do vertedoiro, xunto coa xestión de gas e lixiviados producidos, ademais da execución das obras de selado definitivo dos noiros norte e sur das fases 2 e 3.

Adicionalmente, o contrato, cun prazo de execución de 4 anos e unha prórroga excepcional de 9 meses, inclúe a previsión dunha modificación, que se traduce na execución cun

cuarto vaso e que, en todo caso, estará condicionada á evolución do proceso de enchido das celdas previas.

Redución exponencial

Grazas ás políticas de eficiencia industrial aplicadas por Sogama nos últimos anos, logrouse optimizar o labor do Complexo Medioambiental, que pasou de tratar 482.031 toneladas en 2008 a 603.439 toneladas en 2018, é dicir, un 25,19% máis, mentres que, no mesmo período, reduciuse o depósito de residuos en vertedoiro nun 50%. ●

“Corta polo san! Reduce residuos”, campaña da Semana Europea da Prevención de Residuos 2019

A presentación, elaborada por Sogama, pode [descargarse na súa web](#)

Como vén sendo habitual, Sogama participou, un ano máis, na Semana Europea da Prevención de Residuos, que nesta ocasión tivo lugar entre o 16 e o 24 de novembro, centrándose especificamente na comunicación e na educación.

Fíxoo coa súa iniciativa “Corta polo san! Reduce Residuos”, na que se incluíron actividades presenciais e online co obxectivo de seguir contribuíndo á formación dos cidadáns no consumo responsable e na menor xeración de refugallos en orixe.

Educadores ao servizo da empresa pública impartiron sesións de sensibilización en distintos concellos e os asistentes foron obsequiados con diverso material divulgativo e de merchandising.



Material didáctico

A nivel escolar, fíxose chegar aos centros educativos de primaria e de secundaria unha presentación dinámica e interactiva con consellos

e recomendacións para a aplicación diaria e efectiva do principio europeo dos tres erres. Esta ferramenta pedagóxica pódese descargar na páxina web de www.sogama.gal. ●

Actualidade

Obxectivos 2020: reparto de 3.000 composteiros e reserva de case seis millóns para mellorar a xestión dos biorresiduos

Volverase convocar unha liña de subvencións de 2,6 millóns para colaborar cos municipios na xestión dos residuos urbanos

O ano que vén, Sogama continuará ampliando o seu programa de compostaxe doméstica co reparto de 3.000 novos composteiros entre concellos, centros educativos e colectivos sociais. Así o avanzou a conselleira de Medio Ambiente, Ángeles Vázquez, durante unha visita ao Concello de Marín (Pontevedra), un dos municipios adheridos á iniciativa, para facer balance do proxecto e poñer en valor os esforzos do seu departamento por mellorar a xestión da fracción orgánica do lixo a través da elaboración de compost.

Desde a posta en marcha do programa de compostaxe doméstica, Sogama xa distribuíu gratuitamente preto de 11.200 composteiros entre 327 entidades, maioritariamente concellos (189), centros educativos (119) e colectivos e entidades sociais (19).

Precisamente, Ángeles Vázquez fixo especial fincapé nas iniciativas e axudas que pon a Xunta á disposición dos concellos, responsables últimos



O acto de balance do programa de compostaxe tivo lugar no Concello de Marín (Pontevedra).

da xestión dos residuos urbanos, co fin de axudalos a chegar aos obxectivos fixados por Europa nesta materia. Así, avanzou que nas contas de 2020 do departamento autonómico se reservarán case 6 millóns de euros para mellorar a xestión da fracción orgánica do lixo e avanzar cara á súa valorización.

Tres novas plantas

En concreto, a conselleira referiuse á partida de 5 millóns destinada a iniciar a posta en marcha de tres novas plantas públicas de tratamento de biorresiduos

domésticos (unha por provincia, que se sumarían á que xa hai en Cerceda) e a unha nova orde de axudas, dotada con 700.000 euros, para desenvolver instalacións con capacidade para tratar a fracción orgánica, tanto a iniciativa dos concellos como de empresas privadas.

Ademais, Ángeles Vázquez tamén explicou que o seu departamento volverá convocar o próximo ano unha liña de subvencións destinada a colaborar cos municipios na xestión dos residuos urbanos, salientando que, neste caso, a orde contará cun orzamento "histórico" de 2,6 millóns de euros. ●

A planta de compostaxe de Sogama recibirá os primeiros residuos orgánicos da Laracha e Carballo a comezos de ano

Ambos municipios xa empezaron a implantar o quinto contedor de cor marrón

Os concellos da Laracha e de Carballo (A Coruña) serán os primeiros en empezar a depositar a fracción orgánica dos seus residuos urbanos na planta de compostaxe industrial de Sogama, situada no seu vertedeiro de Areosa.

Esta instalación, na que Sogama investiu máis de tres millóns de euros, ten capacidade para tratar 15.000 toneladas ao ano e contribuír a que os municipios poidan acadar o obxectivo fixado por Europa de reciclar o 50% dos residuos urbanos no ano 2020, unha competencia municipal, lembrou a conselleira Ángeles Vázquez, pero para a que contan co apoio e axuda do Goberno galego.

A implantación do quinto contedor en Carballo e na Laracha reforzará e



Acto de presentación do quinto contedor.

virá complementar o programa de compostaxe doméstica de Sogama, ao que ambos están adheridos desde hai anos e que centra a súa atención sobre todo no eido rural. De feito, ambos os dous xa dispoñen de 300 e 105 composteiros instalados, respectivamente.

O pasado 4 de novembro, a conselleira de Medio Ambiente,

Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, participou xunto ao presidente de Sogama, Javier Domínguez Lino, e aos alcaldes da Laracha, José Manuel López, e de Carballo, Evencio Ferrero, na presentación do programa de recollida selectiva da fracción orgánica "Ti tes a chave", un paso previo imprescindible para poder enviar os seus biorresiduos a esta instalación. ●

🔍 Volver á portada

Unha delegación das illas Comores interésase polo modelo Sogama

Outras visitas destacadas foron as do Departamento de Medio Ambiente de FINSA e a da Asociación Galega da Empresa Familiar



A delegación das Comores e a Asociación Galega da Empresa Familiar.



O modelo Sogama traspasa fronteiras e as súas bondades chegan mesmo ata o océano Índico. Unha delegación política das illas Comores, estado insular ubicado entre as costas de Madagascar e Mozambique, e encabezada polo Ministro de Economía, Investimentos e Enerxía, Msaidie Houmed Comorienne, visitou o pasado 15 de novembro o Complexo Medioambiental de Cerceda co fin de coñecer o seu cometido e os procesos industriais que se levan a cabo no mesmo.

A comitiva política estivo acompañada por representantes da empresa senegalesa Panafrican Green Energy, promotor africano de plantas de valorización de residuos que conta

con máis de 8 instalacións destas características en desenvolvemento.

O día anterior, persoal do Departamento de Medio Ambiente de FINSA, empresa do sector da transformación da madeira e unha das iconas da economía galega, tamén visitou o Complexo Industrial.

Outra visita destacada do mes pasado (12 novembro), foi a do presidente da Asociación Galega da Empresa Familiar, Víctor Nogueira García, acompañado por representantes desta entidade. A AEGF está integrada polas 59 principais compañías galegas, que facturan 9.300 millóns de euros e dan emprego directo a 49.000 persoas.

Percorrido polo Complexo

Nos tres casos, tras ser recibidos polo presidente da Sociedade pública, Javier Domínguez Lino, e polo director xeral, Isidro García, os grupos percorreron as instalacións que conforman o Complexo Medioambiental para coñecer en primeira persoa o tratamento que reciben as dúas fraccións de residuos procedentes dos 295 concellos (2.242.000 habitantes) que xestiona Sogama. Isto é, os envases depositados nos contedores amarelos, que son separados automaticamente nunha planta de clasificación para ser remitidos aos centros recicladores, e o lixo convencional do contedor verde xenérico. ●

Os internos de Monterroso xa elaboraron un cento de bolsas de tea reutilizables

A Escola de Adultos desenvolve un programa pedagóxico de educación ambiental único e singular

Ademais do de Bonxe, outro centro penitenciario co que Sogama colabora é o de Monterroso (Lugo), onde está activo un programa pedagóxico de educación ambiental único e singular. Baixo a coordinación e supervisión da Escola de Adultos, e no marco do taller de costura, desde a primavera pasada os internos xa elaboraron un cento de bolsas de tea reutilizables para contribuir á loita contra as plásticas de usar e tirar.

Baixo a coordinación e supervisión de Pedro Cantero, director da Escola

de Adultos, a profesora Lucía Rodil é a encargada de tutelar o taller de costura no que os alumnos poñen en valor restos de batas e teas vaqueiras. Dados os bos resultados, este verán a Unidade Terapéutica Educativa (UTE) tamén se sumou a esta iniciativa coa axuda da docente Jenifer Gago. Ademais de facer fronte ao exacerbado consumo de bolsas plásticas dun só uso, apostando por alternativas máis sostibles, as bolsas monterrosinas contan co valor engadido: ser confeccionadas por persoas que



As bolsas de tea elabóranse no taller de costura.

aspiran a reinserirse na sociedade coas maiores garantías posibles.

Máis iniciativas

Outras accións formativas e de concienciación ambiental están vinculadas á redución do desperdicio alimentario, á elaboración de compost cos composteiros cedidos por Sogama e ao mantemento da horta e do invernadoiro, feito con botellas de plástico reutilizadas. ●

A práctica da autocompostaxe amplíase aos socios do CRAEGA, a Boiro e ao penitenciario de Bonxe

Técnicos de Sogama impartiron a formación presencial que se pode ampliar na web www.compostaconsogama.gal



Cursos de formación presencial no CRAEGA.

Un cento de explotacións agrarias adscritas ao CRAEGA xa están poñendo en valor os restos de materia orgánica mediante a súa transformación en compost, un abono natural con excelentes propiedades para o solo, tras recibir os primeiros cursos de formación por parte de técnicos de Sogama.

Logo da adhesión do CRAEGA ao programa de autocompostaxe de Sogama o verán pasado, a empresa pública entregoulle 100 composteiros, de 390 litros de capacidade e fabricados con materiais reciclados e reciclables, a outros tantos operadores, así como manuais didácticos de apoio. O segundo paso foi impartir os cursos de formación presencial (16 e 23 de outubro) nas dependencias do Consello

Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia, en Monforte de Lemos (Lugo) e, en Boqueixón (A Coruña).

Neste caso, os recipientes enmárcanse no proxecto europeo de cooperación transfronteriza Galicia-Norte de Portugal "Res2ValHum" no que Sogama participa en calidade de socio, xunto coa Universidade de Santiago de Compostela e a empresa CVAN.

Outro curso de formación sobre autocompostaxe foi o impartido (21 de outubro) ás 30 familias de Boiro (A Coruña) que recentemente se adscribiron ao programa a través do Concello e que recibiron outros tantos composteiros de 400 litros de capacidade.

A fin de complementar a formación presencial, no sitio web

www.compostaconsogama.gal recóllese toda a información sobre a compostaxe doméstica, así como recursos de gran interese para aprofundar coñecementos. É o caso de contidos online, contos infantís, xogos interactivos, etc.

Dous composteiros para Bonxe

Así mesmo, Sogama entregou ao centro penitenciario de Bonxe (Outeiro de Rei-Lugo) dous composteiros de 400 litros de capacidade a fin de que os internos poidesen participar na autocompostaxe dos restos de alimentos procedentes do comedor e dos restos vexetais do seu invernadoiro. O compost obtido regresará á horta para fertilizar, de forma natural, a terra da que se nutren as plantas. ●

Multimedia

Exercicios de outono para os alumnos do Caderno Verde

A plataforma educativa de Sogama "Cademo Verde" (www.cademoverde.gal) ofrece actividades especialmente pensadas para o tempo de outono e sobre eventos que teñen lugar nesta época do ano como a Semana Europea da Mobilidade. O obxectivo último é que o medio ambiente sexa unha área de coñecemento transversal na educación dos máis pequenos, presentándose sempre dun xeito atractivo que chame a súa atención e se relacione coa súa actividade diaria.

O espazo "Caderno Verde" presentou a principios deste curso interesantes novidades para reforzar os coñecementos académicos dos escolares de ensino Infantil e Primaria desde unha dimensión ambiental. ●

 **Actividades Tempo de outono**



Re-evolucionada da man do CRAEGA

Xa en 1997, o CRAEGA (Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia) abriu un novo camiño baseado dun método de produción respectuoso co medio ambiente, coa biodiversidade e co benestar animal. O seu obxectivo é lograr que os consumidores identifiquen o selo de calidade co que están acreditadas máis de mil explotacións en Galicia e, en consecuencia, recoñezan o valor diferencial dos produtos ecolóxicos fronte a outros producidos cos métodos convencionais.

Desde a entidade sinalan que hai que "buscar o noso selo e formar parte da re-evolución, unha nova forma de evolución cara a un mundo máis sostible e respectuoso coa terra e a súa biodiversidade". ●

 **Neste vídeo titulado "Somos semente", explícancho!**



Nova recollida de pilas nos colexios galegos

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, en colaboración cos xestores de pilas autorizados en Galicia (Ecopilas, ERP e Ecolec), impulsa de novo a campaña Pilabot para promover a recollida selectiva de pilas, acumuladores e baterías usadas nos centros educativos de primaria e secundaria da comunidade, ao tempo que conciencia ás novas xeracións sobre o impacto medioambiental deste tipo de residuos perigosos para a saúde.

A campaña inclúe como actividade principal un concurso de reciclaxe, de forma que todos os centros participantes competirán entre si para acadar as mellores cifras de recollida de pilas. En total, repartiranse 7.500 euros divididos en catro premios, que os gañadores deberán destinar á compra de material escolar, deportivo ou á organización de actividades educativas.

Nesta segunda edición, o obxectivo é chegar a 150 colexios en toda Galicia e igualar, ou mesmo superar, os bos resultados acadados o curso pasado. De feito, durante a primeira convocatoria do concurso Pilabot recolléronse entre todos os centros participantes preto de 44 toneladas de pilas, acumuladores e baterías usadas, unhas cifras que representan case a quinta parte das 230,5 toneladas que se recompilaron o ano pasado no conxunto da comunidade. ●




[Web de Pilabot](#)

Campaña “Mellor reparar que tirar”

A futura Rede Galega de Preparación para a Reutilización e a Reparación (PxR) é unha iniciativa que busca constituír en Galicia un espazo de intercambio de coñecemento e experiencias que permita desenvolver proxectos colaborativos dirixidos, por un lado, á preparación para a reutilización, e polo outro, ao prever a xeración de residuos.

O obxectivo final é impulsar a colaboración entre distintos tipos de entidades e a Administración autonómica para intercambiar experiencias, desenvolver proxectos colaborativos, detectar necesidades e, en suma, abrir un debate multilateral para a efectiva creación dunha rede de entidades e establecementos implicados na preparación para a reutilización e reparación en toda Galicia.

Este proxecto está enmarcado dentro do Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia (PXRUG) 2010-2022, que desenvolve un programa de accións coa finalidade de mellorar a xestión dos residuos domésticos e avanzar cara ao modelo de economía circular. Entre os eixos de actuacións deste programa, as iniciativas encamiñadas cara á prevención na xeración de residuos teñen un carácter preferente. ●



[Web www.mellorrepararquetirar.gal](http://www.mellorrepararquetirar.gal)

Eventos

Medidas para diseñar electrodomésticos máis eficientes

A fin de reducir a pegada de carbono en Europa e propiciar un aforro económico para os cidadáns, a Comisión Europea adoptou o pasado 1 de outubro novas medidas de deseño ecolóxico orientadas a electrodomésticos tales como refrixeradores, lavadoras, lavavaixelas e televisores. Con isto pretende implementar o principio de eficiencia enerxética, prioridade para a UE, contemplando os requisitos de reparabilidade e reciclabilidade e, polo tanto, contribuíndo aos obxectivos da economía circular.

O organismo europeo estima que estas medidas, xunto coas etiquetas enerxéticas adoptadas o 11 de marzo, xerarán 167 TWh de aforro enerxético final por ano cara á 2030. Isto equivale ao consumo anual de enerxía de Dinamarca e corresponde a unha redución de máis de 46 millóns de



toneladas de CO₂ equivalente, propiciando igualmente un aforro medio para os fogares europeos de 150 euros anuais.

Os textos das medidas publicáronse no Diario Oficial da Unión Europea. ●

Fonte: Comisión Europea
Imaxe: Pixabay

Nova campaña SIGRE en Galicia



LEMBRA

Cando acabes un medicamento, finalices un tratamento ou revises a túa caixa de urxencia, levao ao Punto SIGRE da túa farmacia:

OS ENVASES BALEIROS **Si**

Si OS RESTOS DE MEDICAMENTOS

OS MEDICAMENTOS CADUCOS **Si**

Coidarás da túa saúde e do medio ambiente.

**PRESTA ATENCIÓN AOS
ANTIBIÓTICOS**
AO APLICARES ESTES CONSELLOS

SIGRE
Medicamento y Medio Ambiente

“Di si ao medio ambiente. Di si a SIGRE” é o lema elixido nesta ocasión polo sector farmacéutico en Galicia para o uso adecuado dos medicamentos e o seu depósito no contedor adecuado unha vez finalizado o tratamento.

A campaña presta unha especial atención ao correcto uso dos antibióticos, ao necesario cumprimento dos tratamentos con estes medicamentos e á correcta xestión ambiental dos

seus envases e residuos a través nalgún dos 1.334 puntos SIGRE situados nas farmacias de Galicia.

Na actualidade e de maneira incorrecta, segundo os datos dos que dispón a entidade, o 48% dos pacientes, ao finalizar ou abandonar un tratamento con antibióticos, garda os restos de medicación na caixa de primeiros auxilios de casa, co consecuente risco derivado dunha automedicación inadecuada. ●

Fonte e imaxe: SIGRE

Eventos

Aumenta o presuposto da UE para protección do medio ambiente

A UE dou un importante impulso á protección do medio ambiente reforzando o seu proxecto orzamentario con máis de 2.000 millóns de euros para preservar a contorna.

A Cámara formulou un presuposto de case 171.000 millóns de euros en créditos de compromiso (o que a UE se compromete a investir en 2020 ou en anos posteriores, xa que os proxectos e programas desenvólvense ao longo de varios anos), o que representa un aumento en torno a 2.700 millóns de euros respecto do proxecto da Comisión. Os créditos de pago (o diñeiro que se desembolsará en 2020) foron 159.000 millóns de euros.

En concreto, o Parlamento Europeo puxo de relevo que o orzamento de 2020 é "a última oportunidade para que a Unión Europea se achegue ao cumprimento dos compromisos políticos establecidos para ese período, incluídos os obxectivos climáticos". ●



Fonte: Parlamento Europeo
Imaxe: Pixabay

Workshop Res2Valhum en Santiago

A Universidade de Santiago de Compostela (USC) e a empresa CVAN, entidades socias, xunto con Sogama, do proxecto europeo de cooperación transfronteriza Res2ValHum, que lidera a Universidade do Minho, organizaron un novo workshop para profundar na valorización da materia orgánica.

Baixo o título "Compostaxe: valorización de residuos de distintas orixes nunha contorna de economía circular", o evento desenvolveuse ao longo de dous días (18 e 19 de novembro). A primeira xornada tivo lugar no edificio FEUGA de Santiago de Compostela, abordando, coa colaboración de relatores de alto nivel, unha visión científica e empresarial da compostaxe. O segundo día realizouse unha visita guiada ás instalacións de TEN e CVAN.

Enmarcado no programa INTERREG V-A España-Portugal (POCTEP) 2014-2020, o principal obxectivo de Res2Valhum é poñer en valor a materia orgánica e evitar o seu vertido. ●



Eventos

O CESE prioriza unha UE sostible

O Comité Económico e Social Europeo (CESE) presentou en outubro pasado a súa contribución ao programa de traballo da Comisión Europea (CE) para os próximos cinco anos, destacando que esta debe centrarse no cambio climático, a dixitalización, o Estado de Dereito e a globalización, así como adoptar un novo sistema de gobernanza que achegue máis estreitamente ás organizacións da sociedade civil.

Entende que o desenvolvemento sostible debe ocupar un lugar prioritario e recomenda á CE que organice en torno a este alicerce o seu futuro programa de traballo para 2020 e máis aló. É por isto que pide unha estratexia global da UE ata 2050 en materia de sostibilidade co fin de aplicar a Axenda 2030 das Nacións Unidas e os seus dezasete Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS). Así mesmo, móstrase disposto a participar activamente na Conferencia sobre o futuro de Europa proposta para 2020.



O CESE lidera e facilita a participación da sociedade civil nos asuntos da UE, empoderando, involucrando e consultando ás organizacións de base que, á súa vez, desempeñan un papel fundamental á hora de deseñar, executar e seguir as políticas en todas as etapas e a todos os niveis, incluído o local. ●

A reutilización e a reciclaxe, claves para fomentar a economía circular

Así o considera a Axencia Europea de Medio Ambiente (EEA) xa que, sinala, a mellora da concienciación dos consumidores axudará a abordar con maiores garantías a problemática que representan os residuos plásticos, de baterías, electrónicos e téxtis.

O organismo europeo destaca tamén que a presenza de substancias perigosas pode obstaculizar a reciclaxe e, polo tanto, as oportunidades para avanzar cara a unha maior circularidade, do mesmo xeito que os produtos non deseñados axeitadamente para ser reciclados.

A UE xa tomou cartas no asunto e estanse a facer progresos en Europa para reforzar unha política de residuos ambiciosa e establecer un marco sólido de economía circular, pero a EEA considera que se seguen perdendo oportunidades para reutilizar unha cantidade significativa de recursos valiosos que actualmente se perden a través de prácticas ineficientes de xestión de residuos.



Isto, sumado á baixa conciencia do consumidor sobre a problemática que representa o lixo, constitúen asuntos que deben abordarse para mellorar a situación. ●

Fonte: Axencia Europea de Medio Ambiente
Imaxe: Pixabay

Desenvolven unha metodoloxía para medir a reciclabilidade dos envases

A empresa española Dríade Soluciones Medioambientales lanzou unha nova metodoloxía para medir a reciclabilidade real dos envases. Está desenvolvida co apoio científico da Cátedra UNESCO de Ciclo de Vida e Cambio Climático ESCI-UP e foi presentada na feira "Sustainability in Packaging Europe 2019".

Dríade propón que a propia reciclabilidade dos envases, é dicir, a capacidade dun envase para lograr que os seus compoñentes se convertan en materiais reciclados, e a porcentaxe de material que queda dispoñible para un reciclado de calidade, se amose a través de dous tipos de acreditacións informativas: o Certificado e o Selo de Reciclabilidade. Deste xeito, poderían analizarse todas as fases de reciclado do envase, incluíndo a etapa de deseño.

Esta metodoloxía quere dar resposta ás aspiracións da Estratexia sobre Plásticos que a Comisión Europea anunciou en 2018, e que busca implementar novas regras harmonizadas para que, antes de 2030, todos os envases se deseñen para



que poidan ser reciclados ou reutilizados e cumpran así os ambiciosos obxectivos de reciclaxe fixados. ●

Fonte: Residuos Profesional
Imaxe: Pixabay

Proxecto europeo de reciclaxe de baterías de litio

O proxecto europeo ReLieVe (Reciclaxe de baterías de ións de litio para vehículos eléctricos) pretende pechar o círculo de reciclaxe destas baterías nos vehículos eléctricos. Con tal fin, recibirá un financiamento de 4,7 millóns de euros a cargo de EIT Raw Materials, un consorcio creado e financiado pola Unión Europea, e os tres membros desta iniciativa: Eramet, BASF e SUEZ.

A partir de xaneiro de 2020, e durante un período de dous anos, levaranse a cabo distintas actividades co fin de desenvolver a grande escala este proceso e a estruturación dun sector industrial que contemple a propia recollida e desmontase das baterías ao final da súa vida útil, a súa reciclaxe e a fabricación de novos materiais de electrodos.

Investigadores académicos de Chimie ParisTech e da Universidade Noruega de Ciencia e Tecnoloxía (NTNU, polas súas siglas en inglés), así como o propio sector do automóbil, apoiarán este proxecto para acelerar a procura de solucións innovadoras. ●



Fonte: BASF
Imaxe: Pixabay

Fibra de plátano como alternativa ao plástico

Recentemente concluíu o proxecto europeo Life BAQUA, promovido pola Universidade das Palmas de Gran Canaria (ULPGC) co obxectivo de impulsar unha proposta de economía circular a partir dos residuos xerados nunha plantación plataneira.

Esta é unha especie que só dá froito unha vez, co cal, e tras a recolecta, o pseudotallo córtase e déixase na leira, xerando un problema de acumulación de refugallos para a seguinte colleita e sen aportar valor nutricional ao solo.

Neste marco, BAQUA buscaba valorizar este residuo mediante a extracción de fibras naturais para o desenvolvemento de materiais 100% biodegradables (fundas protectoras e bolsas), así como aditivo natural para sectores de elevado volume de produción.

Ademais, durante o proceso de extracción da fibra xérase outro subproduto importante, que é a pulpa, de grande interese para a produción de piensos destinados á acuicultura, xa que a alimentación dos peixes require de baixo contido en substancias difíciles de dixerir, como son as fibras. Tamén o líquido que sae do rolo da plataneira podería conter propiedades de interese a analizar en próximos proxectos. ●



Fonte: ULPGC
Imaxe: Pixabay

Residuos de xelatina para fabricar coiro ecolóxico

A startup Gelatex Technologies de Estonia erixiuse na gañadora do Green Alley Award 2019 cun proxecto baseado na utilización de refugallos de xelatina de baixo valor procedentes das industrias da carne e do coiro como alternativa ecolóxica ao coiro convencional.

O novo téxtil produciríase sen o uso de toxinas e é orgánico e biodegradable. A capacidade de personalizar o grosor e a textura fai que Gelatex sexa atractivo tanto para a industria téxtil como para a automotriz.

A xuízo dos organizadores deste premio, organizado por Landbell Group desde 2014, facer un novo produto a partir dun residuo está totalmente en liña coa economía circular e, polo tanto, merece ser recoñecido. ●



Fonte e imaxe: Green Alley Award

Aumenta a recollida de papel e cartón en 2018

A recollida selectiva municipal de papel e cartón (a través do contedor azul, porta a porta e puntos limpos) medrou o pasado ano en España un 10,9%, multiplicando por seis o incremento do consumo de papel, que foi do 1,9%. Unha mellora que tivo lugar no conxunto do territorio, destacando algunhas cidades con máis de 100.000 habitantes, onde a suba foi maior que a media nacional, alcanzando o 16,6%.

O contedor azul, habitual nas rúas do noso país, está asentado e o uso do mesmo xa integrado nos hábitos de separación dos cidadáns. A total dispoñibilidade e flexibilidade horaria, así como as preto de 220.000 unidades colocadas nas rúas, propician unha maior participación e concienciación. Ademais, a recollida optimizouse con accións complementarias porta a porta en negocios como pequenos comercios, oficinas, hoteis, restaurantes ou colexios. ●



Fonte: Alimarket envase
Imaxe: Pixabay

Vencer ao cambio climático desde a cociña

Consumir de forma responsable, priorizar os alimentos de tempada, aproveitar as sobras para novos menús e transformar os restos alimentarios non comestibles en compost, son algunhas das receitas recomendadas pola recoñecida chef venezolana Grace Ramírez para reducir o desperdicio alimentario e axudar a combater o cambio climático desde a cociña.

Así o manifestou a cociñera, que apoia a campaña das Nacións Unidas "Actúa Agora" e a ONG Kitchen Connection, compartindo consellos na materia. Recomenda tamén aos cidadáns que vaian a restaurantes onde se preocupen polos agricultores, teñan produtos sostibles, e lles importe a orixe da súa carne ou peixe.

Ramírez defende a correcta xestión dos refugallos orgánicos a través da compostaxe, obtendo así un abono natural e ecolóxico que aporta riqueza ás plantas e cultivos. Así mesmo, chama a atención sobre a necesidade de minimizar os envases plásticos, evitar os desbotables dun só uso e levar a propia bolsa reutilizable da casa á compra. ●



Fonte: ONU News
Imaxe: Pixabay

Primeiras probas de reciclado das redes de pesca

O proxecto OCEANETS iniciou as primeiras probas de reciclado de redes de pesca. Liderado por AIMPLAS (Instituto Tecnolóxico do Plástico), o obxectivo desta iniciativa é dobre: evitar a perda de redes de pesca e propiciar a súa recuperación e posterior valorización en forma de artigos textís de valor engadido.

As primeiras probas foron de reciclado mecánico e químico e, estas últimas realizáronse con redes de poliamida para a obtención de fibras que permitan producir prendas de roupa deportiva. No caso do resto de aparellos, AIMPLAS está investigando procesos de reciclado mecánico e compounding.

Ao longo dos dez meses de vida do proxecto, a Cooperativa de Armadores de Pesca do Porto de Vigo (ARVI) contactou con diversos actores na cadea de valor dos aparellos de pesca para coñecer o seu ciclo de vida e os retos que supón a súa perda no mar e a reciclaxe ao final da súa vida útil.



En OCEANETS participan tamén ECOALF, a Universidade de Vigo, Sintex e a Asociación Vertidos Cero. ●

Fonte: AIMPLAS
Imaxe: Pixaba

Destapar os plásticos escondidos nos produtos de beleza

A ONU Medio Ambiente advirte que moitas persoas non son conscientes da cantidade de plástico presente na súa rutina de beleza e coidado persoal. Cunha mirada rápida, pode observarse en calquera baño o envase plástico do champú, da maquillaxe, do xel de ducha e do cepillo de dentes, ademais das toallíñas húmidas desbotables e os bastoncíños de algodón.

No caso dos microplásticos, estes non se limitan unicamente aos exfoliantes, senón que se engaden intencionadamente a outros moitos produtos. Poden saír sen esforzo polo desaugüe e, debido ao seu diminuto tamaño, a filtración de augas residuais non pode tratalos, acabando ffacilmente en ríos e mares.

Unha axuda para saber se un produto contén microplásticos é a aplicación "Beat the Microbead", que permite escanearlo ou ben buscar os seguintes ingredientes plásticos de uso común: polietileno (PE), metacrilato de polimetilo (PMMA), nylon, tereftalato de polietileno (PET) e polipropileno (PP). ●



Fonte e imaxe: ONU Medio Ambiente

Redución do desperdicio alimentario na gran distribución

Segundo o informe "Xestión do desperdicio alimentario na gran distribución", elaborado por AECOC (Asociación de Fabricantes e Distribuidores) e Checkpoint, o 67% das empresas da gran distribución manifesta que o desperdicio xerado coa súa actividade é menor hoxe que hai tres anos. Un dos factores de peso nesta evolución positiva é a mellora na xestión dos produtos descartados para a venda.

O estudo revela que o 83% das empresas do sector xa conta cunha política interna contra o desperdicio, mentres que o 42% apóiase en innovacións tecnolóxicas tales como apps para a xestión do produto non comercializable e etiquetas para seguir a vida útil do alimento.

Desde 2012, AECOC coordina os proxectos "Punto de encontro contra o desperdicio alimentario" e "A alimentación non ten desperdicio", que na actualidade aglutina a máis de 500 empresas fabricantes e distribuidoras para evitar a xeración de residuos alimentarios no sector. ●



Fonte: FuturEnviro
Imaxe: Pixabay

Récord de reciclaxe de latas de aluminio en Europa

A taxa global de reciclaxe de latas de bebidas de aluminio na Unión Europea, Suíza, Noruega e Islandia aumentou en 2017 un 2,3% respecto ao ano anterior (72,8%), alcanzando un récord histórico do 74,5% en 2017. Isto quere dicir que case 31.000 millóns de latas tiveron unha segunda vida nos países da UE e a AELC en 2017, o que representa máis de 420.000 toneladas de aluminio.

Entre as bondades da reciclaxe de aluminio, cabería destacar que consome un 95% menos de enerxía, á vez que xera só o 5% das emisións de gases de efecto invernadoiro que tería a súa produción a partir de materia prima virxe.

O sector confía en que a taxa europea de reciclaxe de latas aumentará aínda máis na próxima década, principalmente a través dunha combinación de medidas tales como sistemas mellorados de recolección e iniciativas baseadas en incentivos. ●



Fonte: Metal packaging Europe
Imaxe: Pixabay

Os españois están máis a favor de reducir os plásticos dun só uso

Os españois situáanse entre os europeos máis proclives a reducir o consumo de plásticos dun só uso segundo o estudo elaborado por IPSOS titulado "Un mundo de usar e tirar" e presentado na Semana Europea da Prevención de Residuos (18-24 de novembro).

Os resultados desta enquisa, na que participaron 28 países de distintas partes do mundo, apuntan que 80% dos cidadáns entende que os fabricantes deberían estar obrigados a contribuír á reciclaxe e á reutilización dos envases que producen. Pola súa banda, o 71% dos consumidores considera que os produtos de plástico dun só uso deberían prohibirse canto antes.

Outra das conclusións do informe é que os consumidores premian ás marcas que están atendendo estas necesidades medioambientais nas súas políticas de empresa. Neste punto, os españois posiciónanse por riba da media. ●



Fonte e imaxe: IPSOS

Celebracións para un desenvolvemento sostible

Tres son as efemérides que conmemoramos en semanas pasadas e que debemos marcar en vermello nos nosos calendarios como datas nas que ser un pouco máis conscientes da saúde do planete. O **15 de outubro** foi o **Día Internacional das Mulleres Rurais**. Este colectivo representan máis dun terzo da poboación mundial e un 43% da man de obra agrícola. Este ano, a ONU (Organización das Nacións Unidas) quixo enxalzar a súa inestimable achega na loita contra o cambio climático.

Dous días despois, o **17 de outubro**, foi o **Día Internacional para a Erradicación da Pobreza**, visualizándose como unha oportunidade para recoñecer a loita diaria que libran as persoas que a sofren, para divulgar os seus problemas e para propiciar a súa participación nas decisións que afectan ás súas vidas e comunidades. En todo o mundo, máis de 800 millóns de persoas aínda viven con menos de 1,25 dólares diarios e moitos carecen de acceso a alimentos, auga potable e saneamento axeitados, segundo datos do PNUD (Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento). A ONU recorda que todos debemos unírnos para acabar coa pobreza e a discriminación e para construír un futuro sostible no que se satisfagan as necesidades actuais sen comprometer as das xeracións futuras.

O **18 de outubro** tamén foi unha xornada para reflexionar sobre a achega de todos á protección e conservación dos elementos que nos proporcionan a vida. No **Día Mundial da Protección da Natureza**, recordouse que xuntos podemos avanzar cara á consecución do desenvolvemento sostible e circular.



Un obxectivo que, inevitablemente, require dun compromiso universal que contemple a loita contra o cambio climático, a educación ambiental, a correcta xestión dos residuos, a preservación da biodiversidade, o solo e os océanos, as enerxías renovables e o uso prudente, racional e eficiente dos recursos, entre outros factores.

Fonte: Nacións Unidas
Imaxe: Pixabay

Receitario

Aproveitas as sobras do Nadal?

Os xantares e ceas de Nadal, ademais de ser unha magnífica oportunidade para xuntarse arredor dunha mesa, tamén xeran moitas sobras que hai que aproveitar e non tirar. Co menú que vos traemos hoxe, extraído do receitario editado polo Penal de Monterroso "Sabroso reciclaje" dámosvos algunhas ideas para aproveitar estes restos e sacarles un gran partido nun pica-pica, á hora da comida ou no almorzo.

Coma sempre, se cociñades algún prato, compartide as fotos nas nosas redes sociais [Facebook](#) e [Twitter](#).

Croquetas de xamón e pavo



Ingredientes reciclados:

- Restos de pavo
- Final do xamón



Outros ingredientes:

- Manteiga
- Leite
- Fariña
- Ovos
- Pan relado
- Pementa
- Noz moscada



Elaboración:

1. Picar a carne dos restos de pavo e o xamón en tacos pequenos.
2. Nunha cazola plana engadir uns 125 g de manteiga, derreter e engadir unhas 10 culleradas sopeiras de fariña. Dourar e incorporar o leite aos poucos e a lume suave, sen deixar de remover cunha espátula de madeira ata lograr unha bechamel suave sen grumos. Salpementar con sal gordo. A pementa e a noz moscada son opcionais.
3. Botar o pavo e o xamón, misturando ben e deixando arrefriar ata que a masa solidifique.
4. Dar forma a cada croqueta e rebozar en ovo e en pan relado. Tamén podemos relalo nós e así reciclamos pan duro.
5. Fritir a lume vivo sen queimar o aceite e ata dourar as croquetas.
6. Colocar nun prato cuberto con papel absorbente.



Receitario

Spaghetti carbonara con solombo de porco



Ingredientes reciclados:

- Restos de porco á prancha (solombo e lombo)
- Cebola e allo



Outros ingredientes:

- Nata (carbonara con nata)
- Tomate natural frito
- Queixo parmesano
- Sal, pementa, perexil, ourego e aceite de oliva
- Manteiga ou aceite ao gusto para cocer a pasta



Elaboración:

1. Cocer a pasta en auga con manteiga ou aceite e sal.
2. Mentres, nun wok, saltear cun chorro de aceite de oliva, a cebola e o allo en xuliana. Engadir a carne picada e dourar.
3. Escorrer a pasta e, se se quere, arrefriar un pouco con auga fría para que non se pegue. A continuación, engadirlle o tomate ao gusto e mesturar.
4. Para facer a salsa carbonara, bater os ovos coa nata, salpementar, botar no wok e, a continuación, aliñar co perexil e o ourego picados.
5. Mesturar ben, deixar que todo ligue e colla temperatura. Servir con parmesano relado ao gusto.

Marmelada de froitas



Ingredientes reciclados:

- Froitas pasadas



Outros ingredientes:

- Auga
- Azucre



Elaboración:

1. Como pasa coa macedonia, as marmeladas son opcións excelentes para aproveitar os restos de froita, especialmente se son de tempada.
2. Comezar limpando, pelando e eliminando as partes malas das froitas. Cortar as boas en anaquiños e engadir o azucre como cando se fai macedonia.
3. Deixar repousar e, despois, facer unha cocción con auga e azucre ata que quede unha marmelada sólida. A cantidade de azucre sempre dependerá do gusto máis ou menos doce de cada un.